

S. Cancho Polos

2º Educación primaria

Día das letras galegas 2020

CEIP LAVERDE RUIZ

RICARDO CARVALHO CALERO

2º EP

O escritor Ricardo Carvalho Calero naceu na cidade de Ferrol, na Coruña. Era fillo de M.^a Dolores e Gabriel Ricardo.

De pequeno estudou en Ferrol, nunha escola da rúa Magdalena, a rentes da súa casa, e nun colexio dirixido polo escritor Manuel Comellas. Ao acabar o bacharelato marchou a Compostela e alí estudou Dereito.

Ricardo foi membro do Seminario de Estudos Galegos, un grupo de persoas que defendían o idioma galego e a nosa cultura e alí coñeceu a Castelao, Otero Pedrayo, Risco...

Traballou en moitas revistas: *A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*...


Escribiu moitos libros de poemas, teatro, relatos... Un deles, *As pitas baixo a choiva*, dirixido aos pequenos, cóntanos un feito que lle pasou a Ricardo cando era pequeno e quería recoller as pitas que se estaban a mollar no patio: acabaron todos... mollados como pitos!

Foi profesor do instituto Rosalía de Castro, de Santiago, e o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega da universidade.

Tamén foi membro da Real Academia Galega (RAG) e o seu discurso de ingreso foi sobre Rosalía de Castro.


Defendeu a idea de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.

Este ano a RAG dedícalle o Día das Letras Galegas pola súa defensa do idioma galego e da nosa cultura.



RICARDO CARVALHO

Ricardo Carvalho Calero



**EN AS PITAS BAIXO A CHOIVA
RICARDO CARVALHO NARRA
UN FEITO DA SÚA INFANCIA:
METERAS GALIÑAS NO GALI-
ÑEIRO NUN DÍA DE CHOIVA.**

ACTIVIDADES BIOGRAFÍA CARVALHO CALERO

2º EDUCACIÓN PRIMARIA

QUE SABES DE RICARDO CARVALHO?


1.- Onde naceu Ricardo?

2.- Como se chamaban os seus pais?


3.- Que estudou en Compostela?

4.- Que defendían os do Seminario de Estudos Galegos?


5.- Localiza neste recadro o nome de tres revistas nas que traballou Ricardo Carvalho. Píntaas.



6.- Ricardo traballou no instituto Rosalía de Castro de Compostela.
Que camiño seguía Ricardo todos os días para chegar ao instituto?



7.- Resolve este encrucillado relacionado coa biografía de Ricardo.



HORIZONTALAIS

- 1.- Como se chamaba a nai de Ricardo?
- 2.- A que animais con plumaxe e que estaban baixo a choiva lle adicou un libro Ricardo?
- 3.- Cal era o seu segundo apelido?
- 4.- Apelido dun amigo que coñeceu no Seminario de Estudos Galegos.
- 5.- Cidade na que naceu Ricardo.
- 6.- Que estudou en Compostela?
- 7.- Título dunha das revistas nas que traballou.